

Nunha pensión alemá



KATHERINE MANSFIELD

Nunha pensión alemá

Tradución de Celia Recarey e Carlos Valdés



Irmás Cartoné, 2015

Título orixinal: *In a German Pension*

Tradución: Carlos Valdés e Celia Recarey Rendo

Ilustración de cuberta: *collage* homenaxe a C. D. Gibson realizado por Irmás Cartoné

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica

ISBN:978-84-942570-4-9

Dep. Legal: C 1225-2015



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, os tradutores e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

ÍNDICE

<i>Alemáns na mesa</i>	13
<i>O barón</i>	19
<i>A irmá da baronesa</i>	25
<i>Frau Fischer</i>	33
<i>Frau Brechenmacher asiste a unha voda</i>	41
<i>A alma moderna</i>	51
<i>Na de Lehmann</i>	63
<i>O Luft Bad</i>	73
<i>Un nacemento</i>	79
<i>A nena que estaba cansa</i>	93
<i>A señora avanzada</i>	103
<i>A oscilación do péndulo</i>	117
<i>Un incendio</i>	131

ALEMÁNS NA MESA

Puxeron a sopa de pan na mesa.

—Ah —dixo Herr Rat, inclinándose sobre a mesa mentres abesouraba na sopeira—, isto é o que necesito. Levo varios días co *Magen'* medio avariado. Sopa de pan, e coa consistencia xusta. Eu son bo cociñeiro. —Virouse cara a min.

—Que interesante —dixen, tentando infundirle a cantidade xusta de entusiasmo á miña voz.

—Ai, si... Se un non está casado é necesario. Canto a min, tiven todo o que quixen das mulleres sen casar. —Meteu o pano de mesa polo colo e soprou na sopa mentres falaba—. Agora, ás nove, fíxenme un almorzo inglés, pero non moito. Catro rebandas de pan, dous ovos, dúas lascas de xamón cocido, un prato de sopa, dúas cuncas de té... Iso non é nada para vostedes.

Afirmou aquilo tan categoricamente que non tiven a coraxe de refutalo.

Todas as miradas volvéronse de súpeto cara a min. Sentín no lombo o peso do disparatado almorzo de toda unha nación, eu, que polas mañás bebía unha chávena de café mentres abotoaba a blusa.

—Nada en absoluto —voceou Herr Hoffmann, de Berlín—. *Ach*, cando estiven en Inglaterra si que comía polas mañás.

* «Estómago.»

Katherine Mansfield

Levantou a mirada e o bigote, enxugando as pingas de sopa da chaqueta e do colete.

—É certo que comen tanto? —preguntou Fraulein Stieglauer—. Sopa e pan de molete con xamón, té e café, compota, mel e ovos, peixe frío e riles, e peixe quente e fígado? E que tamén comen todas as damas; en especial, as damas?

—Certo. Vino eu mesmo cando vivía nun hotel de Leicester Square —proclamou Herr Rat—. Era un bo hotel, pero non sabían preparar o té... Entón...

—Ah, iso si que o sei facer eu —dixen, cunha viva gargallada—. Preparo un té moi bo. O gran segredo é temperar a teteira.

—Temperar a teteira —interrompeu Herr Rat, afastando o seu prato de sopa—. Para que tempera a teteira? Ha! Ha! Iso é moi bo! Un non come a teteira, supoño.

Cravoume os seus fríos ollos azuis cunha expresión que insinuaba un milleiro de invasións premeditadas.

—Así que ese é o gran segredo do seu té inglés? O único que fan é temperar a teteira.

Quixen dicir que só era o quecemento preliminar, pero non souben traducilo, así que quedei calada.

O servente trouxo a tenreira co chucrute e patacas.

—Como o chucrute de boa gana —dixo o Viaxante do Norte de Alemaña—, pero xa comín tanto que agora non o pododo reter. Deseguida me vexo na obriga de...

—Fermoso día —berrei, volvéndome cara a Fraulein Stieglauer—. Ergueuse vostede cedo?

—Ás cinco en punto camiñei dez minutos pola herba mollada. Volvín para a cama. Ás cinco e media adormecín e espertei ás sete, e lavei o corpo todo! Volvín para a cama. Ás oito en punto

Nunha pensión alemá

puxen un emplasto de auga fría e ás oito e media bebín unha cunca de té de menta. Ás nove tomei un pouco de café de malte e empecei a miña «cura». Páseme o chucrute, faga o favor. Vostede non o come?

—Non, grazas. Aínda o atopo un pouquiño forte.

—É certo —dixo a Viúva, escaravellando entre os dentes cun prendedor do pelo mentres falaba— que é vostede vexetariana?

—Ah, si; levo tres anos sen comer carne.

—Imposible! Ten vostede familia?

—Non.

—Pois xa ve, a iso está a chegar vostede! Quen oíu falar de ter nenos sen comer máis que verdura? Non é posible. Porén agora en Inglaterra nunca teñen vostedes familias grandes; supoño que están demasiado ocupadas con ese sufraxismo seu. Ben, eu tiven nove fillos e vívenme todos, grazas a Deus. Bebés excelentes, saudables... Aínda que despois de nacer o primeiro tiven que...

—Que marabilla! —clamei.

—Marabilla? —dixo a Viúva con desprezo, volvendo colocar o prendedor no moño que gardaba equilibrio no alto da súa cabeza—. En absoluto! Unha amiga miña tivo catro ao mesmo tempo. O seu home estaba tan contento que deu unha cea e púxoos a todos na mesa. Ela estaba moi orgullosa, claro.

—Alemaña —bradou o Viaxante, rillando unha pataca que atravesara co coitelo— é o fogar da Familia.

Seguiu un silencio apreciativo.

Cambiáronse os pratos para o boi, as grosellas e as espinacas. Enxugaron os garfos no pan negro e comezaron de novo.

—Canto tempo vai quedar aquí? —preguntou Herr Rat.

Katherine Mansfield

—Non o sei exactamente. Teño que estar de volta en Londres en setembro.

—Visitará vostede *München*, por suposto.

—Temo que non vou ter tempo. Xa ve, é importante non interromper a miña «cura».

—Pero ten que ir a *München*. Non verá Alemaña se non vai a *München*. Todas as exposicións, toda a arte e a vida do espírito de Alemaña están en *München*. Está o Festival Wagner en agosto, e Mozart, e unha colección de estampas xaponesas... E está a cervexa! Non saberá o que é boa cervexa até que non vaia a *München*. Eu vexo damas elegantes todas as tardes, pero damas elegantes, como lle digo, bebendo vasos así de altos. —Amosou a medida de altura dun bo pichel, e eu sorrín.

—Se bebo unha boa cantidade da cervexa de *München* sólo a xerros —dixo Herr Hoffmann—. Cando estou aquí, nos campos ou antes dos meus baños, sólo, pero desfrútoo; porén na cidade non é o mesmo en absoluto.

Movido por este pensamento, enxugou o pescozo e o rostro co pano de mesa e limpou coidadosamente os ouvidos.

Puxeron unha fonte de cristal chea de compota de albaricoque na mesa.

—Ah, froita! —dixo Fraulein Steigelaue—. É tan necesaria para a saúde. Díxome o doutor esta mañá que canta máis froita puidese comer mellor.

Ela seguiu o consello moi evidentemente.

—Supoño que vostedes tamén temen unha invasión, non si? Oh, iso é bo. Estiven lendo de todo sobre a actuación de vostedes, os ingleses, nun xornal. Viuno vostede?

Nunha pensión alemá

—Si. —Sentei ben ergueita—. Asegúrolle que non tememos nada.

—Pois deberían —dixo Herr Rat—. Non teñen vostedes exército ningún, apenas uns poucos cativos coas veas todas envelenadas pola nicotina.

—Non tema —dixo Herr Hoffmann—. Nós non queremos Inglaterra. Se a quixésemos, hai moito que sería nosa. De verdade que non os queremos.

Sacudiu a culler con despreocupación, mirando cara a min como se eu fose unha pequecha a quen el chamara e despedira á súa vontade.

—Nós, desde logo, non queremos Alemaña —dixen eu.

—Esta mañá tomei un medio baño. Esta tarde teño que tomar un baño de xeonllo e un baño de brazo —informou Herr Rat—; despois fago os meus exercicios durante unha hora e o xa teño o traballo feito. Unha copa de viño e uns boliños cunhas sardiñas...

Servíronlles un pastel de cereixas con nata batida.

—Cal é a carne favorita do seu home? —preguntou a Viúva.

—A verdade é que non o sei —respondín.

—Como que non o sabe? Canto tempo levan casados?

—Tres anos.

—Pero non o pode dicir en serio! Non podería levar a casa como boa esposa unha semana sen coñecer ese dato.

—A verdade é que nunca llo preguntei. Non é moi esixente coa comida.

Silencio. Todos eles miraron para min, negando coa a cabeza, coa boca chea de carabuñas de cereixa.

Katherine Mansfield

—Non é de estrañar que en Inglaterra se repita a estarrecidora situación de París —dixo a Viúva dobrando o seu pano de mesa—. Como pode esperar unha muller conservar o seu home se non sabe cal é súa comida favorita despois de tres anos?

—*Mahlzeit!*

—*Mahlzeit!*

Pechei a porta ao saír.

* «Que aproveite.»



ESTE LIBRO ENTROU NO
PRELO O 29 DE XUÑO DE 2015,
EN COMPOSTELA

